

XV XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

21 e 22 de febreiro de 2009

Bases concurso-exposición

1º A Asociación Cultural Amigos da Camelia do Val do Ulla e o Concello de Vedra organizan a XV Xornadas arredor da camelia na casa cultural de Santa Cruz de Ribadulla os días 21 e 22 de febreiro de 2009.

2º Poderán participar todas as persoas interesadas na camelia, profesionais ou afeccionados, persoas físicas ou xurídicas sempre que se inscriban antes das 14:00 horas do día anterior a inauguración, a excepción dos participantes do concurso *mención mellor flor de camelia* que poderán facelo ata as 13:00 horas do día da inauguración. Terán prioridade todas aquelas con intereses en Vedra.

3º Poderán presentarse flores pertencentes a calquera variedade de camelia: xapónica, reticulata ou outras especies, así coma con calquera híbrido destas. Admítese calquera forma de flor, dende a sinxela ata a dobre formal, e tódalas formas intermedias.

4º Nesta mostra levaranse a cabo 3 tipos de concurso:

- mención mellor flor de camelia
- composición con camelias
- traballo ornamental con camelia

Os participantes do concurso *mención mellor flor de camelia* colocaran as súas flores no lugar facilitado pola organización de unha en unha non podendo formar grupos de dúas ou tres flores. O que se valorará será a beleza e pureza da flor por si soa. Para facilitar as labores de xurado etiquetaranse con un número facilitado pola organización no momento da colocación. As únicas etiquetas que se poderán utilizar para indicar o nome das variedades serán as facilitadas pola organización; en caso de utilizar calquera outra poderá ser motivo de descalificación.

Para participar no concurso *composición con camelias* será condición indispensable efectuar unha reserva de espazo previa. A composición deberá empregar como única flor a camelia e pode acompañarse de calquera outro elemento decorativo ou planta sen flor diferente a esta. A técnica é libre e valorarase a orixinalidade e beleza do resultado obtido.

No concurso *traballo ornamental con camelia* poderán participar todas as parroquias do Concello de Vedra e concellos limítrofes, ademais de asociacións e entidades que así llo soliciten a organización previamente. As técnicas son libres, valorándose a orixinalidade. Como única condición non empregar outra flor distinta a da camelia.

5º Establécense os seguintes premios por concurso:

- **mención mellor flor de camelia:**
 - 1º premio: diploma e obra de Cándido Pazos
 - 2º premio: diploma e obra de Cándido Pazos
 - 3º premio: diploma e obra de Cándido Pazos

Co obxecto de que os premios sexan distribuídos entre o maior número de concursantes posible, acordase que non se poderá optar a máis dun premio nesta categoría.

- **composición con camelias**
 - 1º e único premio: obra de artesanía da Ulla e diploma.

Tódolos participantes recibirán un agasallo de participación.

- **traballo ornamental con camelia**
 - 1º premio: 300 euros e ornamentar o escenario nas seguintes xornadas.
 - 2º premio: 200 euros e representar o concello e a asociación nos certames de camelia deste ano.

Os demais participantes recibirán unha gratificación económica para os gastos derivados da presentación a estas xornadas.

6º O xurado estará composto por un técnico destacado no mundo da Camelia, representante da Asociación Amigos da camelia do Val do Ulla e outro do Concello de Vedra. Reunirase o día da inauguración as 15:30 para que o resultado das súas deliberacións sexa coñecido no momento da inauguración.

7º A entrega de premios celebrarase nun acto na casa da cultura de Santa Cruz de Ribadulla o 22 de febreiro as 18:00 horas.

8º Os concursantes polo feito de inscribirse, coñecen e aceptan integramente as bases e sométense as decisións da organización e do xurado.

9º A organización reservase o dereito de cambiar ou modificar calquera dos puntos destas bases.

Vedra, xaneiro de 2009

XV XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

21 e 22 de febreiro de 2009

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

D/Dña _____
con NIF _____, domicilio en _____
_____,
teléfono _____

Solicita:

Inscribirse nas XV Xornadas arredor da Camelia, que se celebran na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla os días 21 e 22 de febreiro de 2009, como participante no concurso:

- **Mención mellor flor de camelia.**
- **Traballo ornamental con camelia, representando a parroquia ou asociación de** _____
- **Composición con camelias, preciso** _____ **m2 de espazo.**

Así mesmo declaro coñecer e aceptar integramente as bases do concurso.

Vedra, ___ de febreiro de 2009

Asdo. _____

Enviar por fax ó número 981503331, ou inscribirse no teléfono 981814612